



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 8

Os estampados de Maside

ACT. 8

Os estampados de Maside

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: Mercado

Autor/a: Carlos Maside
(Pontecesures, 1897 - Santiago de Compostela, 1958)

Data: 1927

Técnica: Técnica mixta sobre papel



Nesta estampa Maside conxuga dous temas: o mundo galego (a realidade popular), en concreto o mercado, e o primitivismo relacionado co mundo de Oriente. A obra toma referencias da *art déco* e do modernismo, pois é do tempo da Exposición Internacional de Artes Decorativas e Industriais Modernas en París.

Trátase dun traballo de debuxo, con moitos detalles de liñas ben definidas,

cores brillantes e contornos marcados a modo de vidreiras, que asemella unha composición de estilo xaponés. As figuras ocupan todo o espazo, pero os diferentes tamaños conforman os planos e producen a sensación de amplitude, tendo en conta o pequeno tamaño da obra.

ACTIVIDADE

Actividade de experimentación gráfica coa liña e co trazo para a creación de texturas tomando unha sección da imaxe da obra de Maside para elaborar unha obra colectiva.

Para que?

- Traballar coa liña para a creación de diferentes texturas.
- Probar as posibilidades gráficas de rotuladores de distinto calibre.
- Recoñecer as características do debuxo nas creacións doutras persoas.

- Realizar unha obra en conxunto a partir da sección.

Contidos

- A liña e as súas posibilidades gráficas.
- A creación de texturas.
- A parte e o todo.
- Os planos na composición.
- O mercado.

Como se fai?

1.º Actividade de expresión gráfica: cada neno/a recibe unha sección da obra na que aparecen os contornos para que cree as texturas explorando as posibilidades gráficas da liña e do trazo.

2.º Actividade expositiva e reflexiva: móntase a imaxe con todas as partes para logo analizar os distintos grafismos e estilos. Fálase da idea dunha obra conxunta e finalízase cunha reflexión grupal sobre o que representa, quen aparece, a composición, os planos e a relación figura-fondo.

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

Grupo e individual.

Materiais e recursos

Rotuladores de distintos grosos e tintas, obra de Maside simplificada en contornos e impresa en seccións.

